



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **CEIP “O Coto” de Negreira**

Rúa Rosalía de Castro, s/n.  
15830 Negreira (A Coruña) Tlf.: 881 866 821 Fax: : 881 866 82 3  
correo electrónico: [ceip.ocoto@edu.xunta.es](mailto:ceip.ocoto@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocoto/>

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

**CEIP O COTO**



## ÍNDICE

1. MARCO XURÍDICO	pág.4
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN E DIAGNÓSTICO	pág.5
2.1. CARACTERÍSTICAS :	
2.1.1.          CONTORNO	
2.1.2.          CENTRO ESCOLAR, CARACTERÍSTICAS FÍSICAS.	
2.1.3.          DATOS DA COMUNIDADE EDUCATIVA:	
2.1.3.1.      ALUMNADO	
2.1.3.2.      PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE	
2.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA NA COMUNIDADE EDUCATIVA:	
2.2.1.1.      MODELOS DE REXISTRO	
2.2.1.2.      ANÁLISE DA SITUACIÓN: ASPECTOS POSITIVOS, NEGATIVOS, CONFLITIVIDADE DETECTADA, NECESIDADES ( <a href="#">ANEXO I</a> )	
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA	pág.8
3.1. XERAIS	
3.2. ESPECÍFICOS:	
3.2.1.          PROFESORADO	
3.2.2.          ALUMNADO	
3.2.3.          FAMILIAS	
4. ACTUACIÓNS	pág.9
4.1. PREVENTIVAS E DE COORDINACIÓN PARA FAVORECER AS RELACIÓNS E HABILIDADES SOCIAIS ENTRE FAMILIAS E O CENTRO	
4.2. ORGANIZACIÓN DE CENTRO	
4.3. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA: A VIOLENCIA DE XÉNERO; A DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE RAZA, SEXO, PROCEDENCIA OU CONDICIÓNS PERSOAL OU SOCIAL; O ACOSO E INTIMIDACIÓN	
4.4. MEDIDAS DE DETECCIÓN ( <a href="#">ANEXO II</a> )	
5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	pág.12
5.1. COMPOSICIÓNS	
5.2. PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS	
5.3. PLAN DE ACTUACIÓN E FUNCIÓNS	
5.4. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA ( <a href="#">ANEXO III</a> )	
6. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓNS NAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	pág.15
6.1. PROGRAMAS RELACIONADOS COA MELLORA DA CONVIVENCIA	



**6.2. NORMAS DE CONVIVENCIA**

**6.3. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

**6.4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:**

**6.4.1. ACOSO ESCOLAR ([ANEXO IV](#))**

- 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E DE COLABORACIÓN \_\_\_\_\_ pág.16**
- 8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MELLORA E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA \_\_\_\_\_ pág.17**
- 9. APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA \_\_\_\_\_ pág.18**



## 1. MARCO XURÍDICO

O marco legislativo de referencia para a elaboración da Estratexia para a convivencia escolar en Galicia é amplo. Desde o punto de vista competencial abrangue lexislación internacional, nacional e autonómica. Desde o punto de vista dos aspectos que o conforman, aborda cuestións relativas aos dereitos fundamentais e ao procedemento administrativo, a nivel xeral, e aspectos relacionados coa convivencia pacífica e o contorno educativo, en particular. Esta ampla perspectiva pretende situar a Estratexia nun enfoque multidisciplinar con vontade de garantir o respecto e exercicio dos dereitos e deberes fundamentais de toda a comunidade educativa, fomentar a tolerancia e a resolución pacífica e positiva dos conflitos coa finalidade de garantir unha convivencia harmónica.

Desde o punto de vista das referencias normativas cómpre considerar:

- ✓ Constitución española.
- ✓ Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- ✓ Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- ✓ Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- ✓ Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- ✓ Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- ✓ Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- ✓ Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- ✓ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ✓ Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- ✓ Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)
- ✓ Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.



- ✓ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- ✓ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ✓ Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

(Estratexia galega de convivencia escolar - educonvives)

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN E DIAGNÓSTICO

### 2.1. CARACTERÍSTICAS:

#### 2.1.1. CONTORNO

O municipio de Negreira situado na bisbarra natural do Val de Barcala, está situado no Camiño de Santiago a Fisterra e dividido en 18 parroquias.

A riqueza económica do municipio de Negreira provén fundamentalmente do sector primario (gandeiría intensiva) e do sector secundario (cooperativa agroalimentaria FEIRACO). Estando reforzada, asemade, polo sector terciario baseado nunha forte tradición comercial da vila que se desenvolveu a partires da feira que se celebra todos os domingos do ano. Na actualidade, economía veuse reforzada pola forte afluencia de peregrinos debido á recuperación do Camiño Xacobeo.

#### 2.1.2. CENTRO ESCOLAR, CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

CEIP O Coto é un centro público, de Infantil e Primaria, de carácter semiurbano que iniciou o seu funcionamento a finais do ano 1975. Este centro educativo atópase no centro da vila de Negreira ó carón do Centro de Saúde, instituto e posto da Garda Civil e asemade moi próximo ó Auditorio e concello.

Nos cursos pasados tivéronse que adaptar espazos comúns no vestíbulo da pranta baixa e do primeiro andar para dar cabida a dúas aulas de PT e unha de Audición e Linguaxe.

Dispón de dous patios de recreo ó aire libre rodeados por unha zona de árbores e de dous patios cubertos. Un pequeno, adosado ó patio exterior de primaria, e doutro grande, nun nivel superior, comunicado co anterior e cun patio exterior de infantil. Este patio grande emprégase para acoller ós alumnos transportados e, cando toca o timbre de entrada, ó resto do alumnado. Desde hai uns anos contamos cun polideportivo no patio exterior de primaria que permite o desdobre da aula de Ed. Física na maioría das sesións.

O centro, na actualidade, está deficitario de espazo. Debido ó aumento de aulas de infantil, no remate de cada curso escolar precísase que dúas aulas de 6º infantil se trasladen ó primeiro andar, orixinando dificultades de mobilidade de alumnado nas horas de entrada e saída ó compartir escaleiras de acceso con dezasete aulas



de primaria. Está solicitada unha reforma na que suxire unha redución do espazo dos antigos vestiarios da planta baixa cujas duchas non se precisan e están fóra de uso, para poder dar cabida a unha nova aula con acceso desde o vestíbulo de entrada.

### **2.1.3. DATOS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

#### **2.1.3.1. ALUMNADO**

A zona foi tradicionalmente foco de emigración (a América primeiro, Cuba, Venezuela, Brasil, Alemaña e Suíza máis tarde), pero debido ó resurxir da economía europea e as novas condicións socioeconómicas en Latinoamérica, estase a producir un retorno significativo de descendentes destes emigrantes. Ordeado en orde decrecente, o alumnado procedente doutros países sería o seguinte: Venezuela, Magreb (Marrocos) seguidos, en menor número, polos procedentes de Rusia, Colombia, China, Brasil, Suíza, Cuba, Portugal, Arxentina, USA.

A lingua materna do noso alumnado é, na súa maior parte, o galego, aínda que moitos dos residentes na vila son casteláns falantes. O alumnado inmigrante, na súa maioría, ten unha das linguas oficiais adquiridas.

Ó atoparse a vila de Negreira nun extremo do termo municipal, hai alumnado que ten que facer rutas moi longas nas que empregan case unha hora en chegar ó centro escolar, especialmente os dos lugares de Campolongo, Pesadoira e Xallas que distan 22 km. Os/as usuarios/as do transporte son o 22% do total, o resto reside na vila.

O centro recibe alumnado da EEI da parroquia de Aro (única escola de 2º ciclo de Ed. Infantil que segue en funcionamento) e da EEI de 1º ciclo do Concello. Está adscrito ó IES Xulián Magariños de Negreira. Hai matriculados 525 alumnos (a ratio de alumnos por aula é aproximadamente de 18 Ed. Infantil e de 20 en Ed. Primaria) e dispón de 243 prazas de comedor (8 para colaboradoras, 3 para persoal de cociña e 2 encargados).

#### **2.1.3.2. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE**

O catálogo de postos de traballo do centro establece 26 unidades: 9 de Ed. Infantil e 17 de Ed. Primaria. Hai un total de 42 profesores, unha coidadora, contamos con 1 administrativo, 3 membros de persoal de cociña e 1 conserxe.

## **2.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA NA COMUNIDADE EDUCATIVA**

### **2.2.1. MODELOS DE AVALIACIÓN DA SITUACIÓN INICIAL DA COMUNIDADE EDUCATIVA (ANEXO1)**

### **2.2.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN: ASPECTOS POSITIVOS, NEGATIVOS, CONFLITIVIDADE, NECESIDADES.**



VALORACIÓN PROFESORADO	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
relación coas familias	calidade das instalacións do centro
calidade do profesorado	custo e escaseza de material
ausencia de absentismo	conflitos na aula, cambio de clase e patio
	rompen nas clases
baixo índice de agresións físicas	alumnado non trae o material ou non realiza as tarefas propostas
relación coas familias	
calidade no centro	
nivel de convivencia entre o profesorado	

VALORACIÓN ALUMNADO	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
ausencia de conflitos graves	
sentense seguros, apoiados	
ordenados no comedor	
desfrutan no patio	

VALORACIÓN FAMILIAS	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
<b>INFANTIL</b>	
relación co profesorado	calidade das instalacións, seguridade e limpeza
aplicación do profesorado na atención, actividades e saídas	aplicación de profesorado de apoio
<b>PRIMARIA</b>	
relación co profesorado e atención no comedor	calidade das instalacións do centro
insatisfacción co funcionamento do centro	
deixada aplicación das normas de convivencia	
ordenación do comedor e menús	
calidade do mobiliario do patio	
calidade da biblioteca	

VALORACIÓN PAS	
ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
grado de satisfacción co centro educativo	
sentome ben tratado	
coñecezo as Normas de convivencia	
atenden as miñas solicitudes	



### 3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

#### 3.1. XERAIS

- ✓ Proporcionarlle á comunidade educativa recursos para previr conflitos e mellorar da convivencia
- ✓ Sensibilizar e desenvolver a empatía, a responsabilidade e o compromiso para mellorar os hábitos sociais e de relación no medio onde vive.
- ✓ Desenvolvemento de boas prácticas relacionadas coa concienzación da importancia de xestionar e solucionar os conflitos partindo de principios baseados no respecto e a non violencia.
- ✓ Reflexionar, tomar conciencia e fomentar: o respecto á diversidade e á igualdade entre homes e mulleres; a prevención do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- ✓ Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.
- ✓ Consolidar e incrementar actividades e relacións con entidades e institucións que sensibilicen ó alumnado e o conciencen da importancia dos seus actos na mellora da convivencia no centro, familia, comunidade.

#### 3.2. ESPECÍFICOS

##### 3.2.1. PROFESORADO

- ✓ Promover a formación en temas relacionados coa convivencia.
- ✓ Participar e propoñer melloras ás Normas de convivencia para os distintos espazos do centro
- ✓ Realización de cuestionarios, enquisas anónimas para coñecer posibles problemáticas.
- ✓ Difundir as Normas de centro, aula e dos diferentes espazos: comedor, biblioteca... ó alumnado e familias, recordando que as normas son de obrigado cumprimento dentro do horario lectivo tanto nas actividades escolares, complementarias coma extraescolares.
- ✓ Asumir a necesidade de destinar un tempo específico a ensinar ó alumnado a solucionar de forma pacífica os conflitos.
- ✓ Empregar recursos que favorezan a detección e prevención de conflitos.
- ✓ Aplicar os procedementos de:
  - notificación (familias, titor, xefatura de estudos, dirección ) ANEXO....
  - rexistro e parte de incidencias dos conflitos para dispoñer dun rastro documental ANEXO
  - derivación de posibles situacións conflictivas.





- ✓ Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia.

### **3.2.2. ALUMNADO**

- ✓ Coñecer e cumprir as Normas de convivencia (así como o ámbito de aplicación) asumindo as consecuencias do seu incumprimento e os posibles procedementos correctores.
- ✓ Adquisición de estratexias e habilidades sociais e a concienzación de que o traballo pola convivencia é unha necesidade que implica a todos.
- ✓ Aprender a comunicar e a expresar as emocións.
- ✓ Mellorar a resiliencia, empatía, autoestima, asertividade, demora de gratificacións.
- ✓ Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.
- ✓ Aprender dos conflitos para mellorar e saber actuar no futuro para solucionar outro problema que se lles presente .

### **3.2.3. FAMILIAS**

- ✓ Coñecer as Normas de convivencia e procedementos correctores así como o ámbito de aplicación.
- ✓ Sensibilizalas da importancia do fomento e concienzación da responsabilidade do alumnado na aunción das mesmas así como na resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Concienciarse da súa corresponsabilidade no mantemento da convivencia nos centros.
- ✓ Valorar a importancia da colaboración entre a familia e o centro.

## **4. ACTUACIÓNS**

### **4.1. PREVENTIVAS E DE COORDINACIÓN PARA FAVORECER AS RELACIÓNS E HABILIDADES SOCIAIS ENTRE FAMILIAS E O CENTRO**

- ✓ Formativas e de concienciación dirixidas ás familias por parte entidades ou institucións
- ✓ Diivulgación do Plan de convivencia e NOFC
- ✓ Reunións titoriais individuais e de grupo aula.

### **4.2. ORGANIZACIÓN DE CENTRO**

- ✓ Información ó profesorado de nova incorporación mediante reunións e entrega dunha carpeta de documentación ó comezo de curso por profesor onde se recollan modelos de rexistro, documentos sobre aspectos relevantes do centro (normas, protocolos, medidas organizativas de vixianza de zonas común, espazos e tempos de risco...) que quedará na aula a disposición do profesor titular ou de posibles substitutos.



- ✓ Creación dun “**Equipo de convivencia e igualdade**” formado por profesorado sensibilizado e disposto a promover actividades de prevención e fomento da convivencia e que, reunido cunha periodicidade mensual, faga o seguimento de conflitos, propostas de mellora ou implementación de novos programas.
- ✓ Programación de actividades desde os equipos actividades que melloren a convivencia e o respecto pola diversidade.
- ✓ Mellora da promoción e canles de participación dos membros da comunidade educativa.
- ✓ Información periódica ás familias (carteis, circulares, web) de acordos que lles sexan pertinentes tomados en Claustro ou Consello Escolar.
- ✓ Reunións equipos, niveis, CCP, claustros.
- ✓ Creación de **recreos dinámicos e inclusivos** redistribuíndo espazos e mellorando os recursos combinando en ambos patios escolares zonas de: encontro, descanso, con zonas lúdicas destinados a xogos tradicionais, areeiros – tobogáns para os máis pequenos e de deportes (brilé, voleibol, baloncesto, fútbol, bádminton, ping-pong) para os maiores. O **mérccores**, desde que foi aprobado en referéndum, é un **día sen balón no patio**.
- ✓ Posta en marcha dun **proxecto de centro** implicado no desenvolvemento de hábitos e actitudes favorecedoras do coidado da contorna do centro, baseado na implicación e colaboración do alumnado na recollida e reciclaxe do lixo no patio co lema: “**Por un patio máis limpo**” . Foi aprobado en referendun pola comunidade educativa no mes decembro de 2017.
- ✓ Promoción e posta en marcha de programas de mellora da convivencia (Titoría entre iguais, Mediación, outros...)
- ✓ Difusión das Normas de Convivencia de centro.
- ✓ Aplicación do protocolo de acollida, participación e integración do **alumnado que se matricula por primeira vez**, recollido nas NOFC do centro (reunión coas familias, presentación profesorado, fases do período de adaptación, alumnado procedente do estranxeiro, difusión das Normas de convivencia do centro e do protocolo a seguir na incorporación de xemelgos)
- ✓ Visita ó centro dos alumnos da EEI de Aro no mes de xuño.
- ✓ Colocación de iconas con imaxes e carteis sobre as normas e planos do centro.
- ✓ Posta en marcha de programas de medidas complementarias para o desenvolvemento de habilidades sociais: profesores, alumnado (Departamento de Orientación):
  - ✓ Atención e asesoramento á comunidade educativa.



- ✓ Actividades para desenvolver habilidades sociais para que titores e profesorado o traballen na aula, de forma sistemática, estratexias de cohesión de grupo, empatía, valores... que contribúan á madurar a responsabilidade e compromiso do alumnado na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos. Asumindo o traballo pola convivencia como unha necesidade que implica a todos.

#### **4.3. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA : A VIOLENCIA DE XÉNERO; A DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE RAZA, SEXO, PROCEDENCIA OU CONDICIÓ PERSOAL OU SOCIAL; O ACOSO E INTIMIDACIÓN**

- ✓ Reunións periódicas coas familias para acadar Implicación e que adquiran o compromiso na súa corresponsabilidade na adquisición e mellora das habilidades sociais do alumnado.
- ✓ Actividades de centro nas que se manifeste o rechazo fronte a violencia de xénero
- ✓ Participación en actividades dentro do horario escolar organizadas desde outras entidades ou institucións (concello) coma redaccións, debuxos contra a Violencia de xénero.
- ✓ Celebracións de actividades internivelares e de aula ao redor do Día da Diversidade, Día da Paz, Día da Muller.
- ✓ Aplicación e posta en marcha de forma sistemática de estratexias de cohesión de grupo, empatía, valores...
- ✓ Actividades do profesorado e persoal non docente:
  - Control e supervisión das zonas de risco (filas, corredores, escaleiras, patios, baños, cambios de clase)
- ✓ Actividades de aula: lecturas, redaccións, visualización de vídeos, actividades de grupo que traballen a igualdade e a xestión de emocións. Aplicación e posta en marcha de forma sistemática de estratexias de cohesión de grupo, empatía, valores...
- ✓ Recreos inclusivos
- ✓ Actividades de titoría:
  - Debate e acordo consensuado das normas de aula
  - Grupos de discusión, debate, xogos de simulación
  - Defusión das Normas de convivencia do centro
  - Actividades de aula: aplicación e posta en marcha de forma sistemática de estratexias de cohesión de grupo, empatía, valores...
- ✓ Participación no “Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos” da Garda Civil



#### 4.4. MEDIDAS DE DETECCIÓN(ANEXO II)

- ✓ Cuestionarios e sociogramas anónimos
- ✓ Rexistro e seguimento de condutas, partes de incidencias, traspaso de información ( profesor, titor, xefe de estudos, dirección)
- ✓ Reunións de equipos ( convivencia e igualdade, directivo, departamento de Orientación, CCP), Comisión de Convivencia, Claustro, Consello Escolar
- ✓ Entrevistas co/as alumno/as, familias
- ✓ Buzón de convivencia para o alumnado

### 5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

#### 5.1. COMPOSICIÓN

A comisión de convivencia constituirase no seo do consello escolar e na súa composición integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

A composición da Comisión de Convivencia que da constituída por:

- ✓ O/A director/a do centro
- ✓ O/A xefe de estudos
- ✓ O/A xefe do Departamento de Orientación que actuará como secretario
- ✓ Un representante de administración e servizos
- ✓ Un representante das familias

#### 5.2. PERIODICIDADE DAS REUNIÓN



Celebraranse tres reunión anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e, con carácter extraordinario, tantas como sexan necesarias convocadas polo director/a, que será o seu presidente/a por iniciativa propia ou pola proposta de, polo menos, unha terceira parte dos membros.

### 5.3. PLAN DE ACTUACIÓN E FUNCIONS

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación deste plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

Funcións:

- ✓ Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- ✓ Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- ✓ Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- ✓ Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- ✓ Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

(Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei do 4/2011 do 30 de xuño)

### 5.4. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA(ANEXO III)



Según o artigo 19.3 da Lei 4/2011 a aula de convivencia inclusiva é unha ferramenta cuxa vocación é a de “substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro como imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible na forma na que se recolle no artigo 8.4 do Decreto.

Será a dirección do centro o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido/a na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia ós pais, nais, titores/as, se fora menor de idade non emancipado/a.

Pode considerarse como unha ferramenta para resolver democraticamente os conflitos, antes de aplicar as medidas sancionadoras que se derivan das NOF, empregando outras medidas correctoras. Tamén pode ser unha medida complementaria da aplicación sancionadora das NOF.

O profesorado que atenda a aula será o que supervise as medidas e actuacións propostas para o alumnado. Tendo en conta isto, entendemos a aula de convivencia como:

- ✓ Unha medida de reflexión para facilitar a incorporación do alumnado á aula o antes posible e de incorporar condutas que favorezan actitudes responsables e positivas para a convivencia..
- ✓ Unha aula de traballo.
- ✓ Analizadora da convivencia e executora das medidas propostas pola comisión de convivencia.

#### PROCEDEMENTO

As fases previas e condicións necesarias para que @ alumn@ poida realizar o ingreso na Aula de convivencia están recollidas no ANEXO III. Cando se lle ofrezca a un/nha alumn@ a posibilidade de ingreso na aula de convivencia, informaráselle por escrito á familia detallando motivo e as condicións a cumprir. Se se cumpren os requisitos, será cando @ alumn@ se incorpore á Aula de convivencia.

O docente encargado, que poderá ser o profesorado de garda, aplicará as medidas propostas polo Departamento de orientación, o equipo de convivencia, e polo equipo directivo.

Cando se produzan tres aplicacións desta medida, aplicaranse outras medidas correctoras.

#### UBICACIÓN

Mentras non se dispoña dun espazo específico, poderase empregar calquera aula na que non se estea a impartir docencia.



## **6. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

### **6.1. PROGRAMAS RELACIONADOS COA MELLORA DA CONVIVENCIA**

#### **6.1.1.PARA O ALUMNADO**

- ✓ Aplicación de programas de habilidades sociais: Tutoría entre iguais, Mediación, outros... para que resolvan os conflitos de forma autónoma.
- ✓ Realización do simulacro do Plan de autoprotección e evacuación

#### **6.1.2.PARA O PROFESORADO**

- ✓ “Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos “ da Garda Civil
- ✓ Participación e implicación no simulacro do Plan de autoprotección e evacuación
- ✓ Cursos de formación
- ✓ Aplicación de programas de estratexias de aprendizaxe para a resolución autónoma do conflito.  
Valorando este como unha oportunidade de aprendizaxe moi útil para saber desenvolverse no futuro.

#### **6.1.3.PARA AS FAMILIAS**

- ✓ “Plan director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos da Garda Civil”
- ✓ Reunións de pais ó comezo de curso.

### **6.2. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

O fin último das Normas de Convivencia será o de proporcionar ferramentas e canles á comunidade educativa que nos permitirán acadar o mellor clima de convivencia posible dentro do centro. Conseguiremos así o logro dos obxectivos educativos ó mesmo tempo que contribuiremos á formación integral do alumnado e a súa integración social.

As Normas de Convivencia están especificadas nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro.

### **6.3. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

O establecemento destas condutas e as súas concrecións , que correspondan ó seu incumprimento, que de ser o caso se aplicarán conforme o establecido no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño e demais normativa que sexa de aplicación. As condutas contrarias á convivencia están recollidas nas NOFC do centro.

### **6.4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:**

#### **6.4.1.ACOSO ESCOLAR**

O proceso de resolución do protocolo está recollido no ANEXO IV.



## **7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E DE COLABORACIÓN**

### **7.1. FAMILIAS**

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia dispón que os centros proporcionarán información e promoverán a implicación das familias para poder ser copartícipes do labor educativo dos centros.

Procedemento:

- ✓ Realización dunha reunión xeral antes do 31 de outubro onde se tratarán:
  - Contidos, criterios, estándares de aprendizaxe e indicadores, criterios e instrumentos de avaliación, atención á diversidade, apoios, criterios de promoción.
  - Línea de traballo a seguir polo profesorado, materiais,
  - Información e difusión das NOFC e da PXA: horarios (alumnado, atención ás familias), actividades complementarias e extraescolares, control de asistencia e xustificación de faltas,
  - Información sobre programas ( PROA,...)
  - Suxerencias

### **7.2. ANPA**

Celebraranse reunións cada vez que se soliciten polas familias ou polo centro educativo para realizar tarefas de coordinación ou colaboración.

### **7.3. OUTRAS INSTITUCIÓNS E CENTROS EDUCATIVOS**

#### **7.3.1. ESTABLECEMENTO E POTENCIACIÓN DE RELACIÓNS ENTRE O CENTRO E O IES XULIÁN MAGARIÑOS DE NEGREIRA:**

- ✓ Xornada e actividades de acollida no mes de xuño ó alumnado de 6º Ed. Primaria que se matriculará no IES.
- ✓ Visita do alumnado de 3º da ESO do IES Xulián Magariños ó centro para realizar actividades co alumnado de 2º de Ed. Infantil celebrando o Día do Medio Ambiente.
- ✓ Coordinación trimestral entre os Departamentos de Orientación entre o centro e o IES para a comunicación e o seguimento da diversidade, preparación de actividades conxuntas, asesoramento.

#### **7.3.2. CON EMPRESAS E ORGANISMOS DO CONTORNO**

- ✓ CONCELLO
  - Participando nas actividades culturais , sociais e deportivas que se organicen ó longo do curso
  - Mantendo comunicación cos Servicios Sociais.





- ✓ EMPRESAS E ORGANISMOS DO CONTORNO: Feiraco, Asociación de empresarios, Asociación de amas de casa, GRUMIR de Brión, Protección civil( cursos para o profesorado), PAC de Negreira (cursos formación profesorado), Axentes forestais (cursos para o alumnado)

## 8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, MELLORA E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

### ✓ SEGUIMIENTO

No remate de cada trimestre e de cada curso escolar farase por parte do equipo de convivencia, equipo directivo, Comisión de Convivencia un seguimento do tipo de condutas leves e graves acaecidas durante ese período.

### ✓ AVALIACIÓN E MELLORA

Os datos serán obxecto nos seguintes trimestres e cursos escolares para incorporar propostas de mellora.

Os resultados serán incluídos na memoria anual do centro.

Este documento que ten un carácter plurianual e de permanencia será obxecto de concrecións anuais que respondan ás necesidades de cada curso nos apartados: a), b), c) e d) do artigo 13 do Decreto 8/2015.

### ✓ DIFUSIÓN DO PLAN

#### ✓ CANLES

Consello escolar, titorías, reunión, ANPA

#### ✓ MEDIOS

reunións, trípticos, exposición en lugares comúns de carteis, carpetas de documentación para profesores, documentos..., páxina web, campañas...

#### ✓ MOMENTOS

Ó inicio de curso (concreción do Plan de Convivencia), ó longo do curso cando sexa necesario, ó final de curso (resumo, propostas de mellora),



## **9. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

### **INFORME CLAUSTRO**

O Plan de Convivencia cos ANEXOS I, II, III e IV foi revisado e informado polo Claustro de Profesores en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2017

### **CONSELLO ESCOLAR**

O Plan de Convivencia cos ANEXOS I, II, III e IV foi aprobado en Consello Escolar en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2017

En Negreira a 30 de xuño de 2017

O Xefe de Estudos

A Secretaria

A Directora

Asdo. Manuel Ángel Jorge Furelos

Asdo. M<sup>a</sup> Pilar Quintáns Ríos

Asdo. M<sup>a</sup> Amparo Mera Fernández



**ANEXO I: ANÁLISE DA CONVIVENCIA (PROFESORADO)**

CONFLICTOS AULA (1-INEXISTENTE / 5- MOI ACUSADO)	GRADACIÓN				
	1	2	3	4	5
Interrompen, non deixan dar clase					
Desobedecen ou non respectan ó profesor					
Non aceptan a corrección					
Non realizan as tarefas					
Desafían ó profesor					
Minten					
Teñen rabechas					
Chegan tarde					
Absentismo					
Saen de clase sen permiso					
Estragan o material					
Desaparece material					
Non traen o material					
Aíllan compañeiros					
Poñen alcumes					
Difunden rumores					
Anónimos					
Insultan , ameazan					
Agresións físicas					
Acoso					
Absentismo escolar					



LOCALIZACIÓN DOS CONFLICTOS (1-INEXISTENTE / 5- MOI ACUSADO)	GRADACIÓN				
	1	2	3	4	5
AULA					
CAMBIO DE CLASE					
PATIO					
BAÑOS					
CORREDORES					

PROBLEMAS FAMILIAS (1-INEXISTENTE / 5- MOI ACUSADO)	GRADACIÓN				
	1	2	3	4	5
FALTAN ÁS CITAS TITORÍA					
POUCA COLABORACIÓN CO PROFESORADO					
ESQUECEN / NON APORTAN MATERIAL AULA					
POUCA ATENCIÓN / COIDADADO DO ALUMN@					

ASPECTOS POSITIVOS	
ALUMNADO	FAMILIAS

ANÁLISE DO CENTRO EDUCATIVO					
GRADACIÓN DO PROBLEMA (1- INEXISTENTE / 5- MOI ACUSADO)	1	2	3	4	5
FALTA/ESCASEZ DE MATERIAL					
FALTA DE DEPENDENCIAS, ESPAZOS... - DEBIDO A...					
RATIO ELEVADA					
POUCA ORGANIZACIÓN EQUIPOS					
POUCA COORDINACIÓN ENTRE EQUIPOS					
NECESIDADE CURSOS FORMACIÓN PROF. - INTERESARÍAME FORMACIÓN EN...					
PROBL. CONVIVENCIA PROFESORADO					



**ANÁLISE DA CONVIVENCIA (ALUMNADO)**

PENSA ANTES DE RESPONDER...	POUCO	REGULAR	MOITO
Hai moitos conflitos entre os compañeiros?			
Os conflitos que xorden entre os compañeir@s son graves?			
Sínteste segur@ no colexio?			
Ti , persoalmente, tes problemas no colexio? ameazas ____ agresións ____ insultos ____ burlas ____ material escolar__			
Cando tes un problema sínteste apoiado?			
Tes confianza cos profesores?			
Sabes que facer cando tes un problema?			
Hai tranquilidade na aula para poder traballar?			
Estás a gusto no comedor?			
Gústanche os menús?			
Pásalo ben no patio?			
Hai moitos conflitos entre os compañeiros?			
Os conflitos que xorden entre os compañeir@s son graves?			
Sínteste segur@ no colexio?			
Ti , persoalmente, tes problemas no colexio? ameazas ____ agresións ____ insultos ____ burlas ____ material escolar__			
Cando tes un problema sínteste apoiado?			
Tes confianza cos profesores?			
Hai tranquilidade na aula para poder traballar?			
Estás a gusto no comedor?			
Gústanche os menús?			
Pásalo ben no patio?			
Sabes que facer cando tes un problema?			



**ANÁLISE DO CENTRO (FAMILIAS)**

CRITERIO (1- NIVEL MÁIS BAIXO/ 5- NIVEL MÁIS ALTO)	VALORACIÓN				
	1	2	3	4	5
Grado de satisfacción co funcionamento do centro educativo					
Axeitada aplicación das Normas de Convivencia					
Actúase de forma preventiva para solucionar conflitos					
Relación: familia - profesorado					
Estado e coidado das instalacións do centro					
Xestión do comedor: tipo de menú					
ASPECTOS POSITIVOS DO CENTRO	ASPECTOS A MELLORAR NO CENTRO				

Negreira a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP “O Coto” de Negreira**

Rúa Rosalía de Castro, s/n.

15830 Negreira (A Coruña) Tlf.: 881 866 821 Fax: : 881 866 823

correo electrónico: [ceip.ocoto@edu.xunta.es](mailto:ceip.ocoto@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocoto/>

**ANÁLISE DA CONVIVENCIA (PAS)**

CRITERIOS (1- NIVEL MÁIS BAIXO/ 5- NIVEL MÁIS ALTO)	VALORACIÓN				
	1	2	3	4	5
Grado de satisfacción co centro educativo					
Problemas de disciplina do alumnado					
Síntome ben tratado					
Coñezo as Normas de Convivencia					
Dispoño de medios dabondo para traballar					
Atenden as miñas solicitudes					

Negreira a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP “O Coto” de Negreira**

Rúa Rosalía de Castro, s/n.

15830 Negreira (A Coruña) Tlf.: 881 866 821 Fax: : 881 866 823

correo electrónico: [ceip.ocoto@edu.xunta.es](mailto:ceip.ocoto@edu.xunta.es)

**ANÁLISE DA CONVIVENCIA (PAS)**

CRITERIOS (1- NIVEL MÁIS BAIXO/ 5- NIVEL MÁIS ALTO)	VALORACIÓN				
	1	2	3	4	5
Grado de satisfacción co centro educativo					
Problemas de disciplina do alumnado					
Síntome ben tratado					
Coñezo as Normas de Convivencia					
Dispoño de medios dabondo para traballar					
Atenden as miñas solicitudes					

Negreira a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_



**ANEXO II**

**ENQUIZA ANÓNIMA SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR**

<b>Escribe en cada pauta o nome dalgún compañeir@que duranteeste curso:</b> (di o curso o que pertence se non é da túa aula)	<b>NUNCA</b>	<b>UNHA VEZ</b>	<b>MÁIS DUNHA</b>
Che axudou coas tarefas			
Mirouche con mala cara			
Fixo que te meteras en líos			
Quitouche os amigos/as			
Enviouche un anónimo			
Fíxoche facer o que non querías			
Meteuse contigo			
Burlouse de ti			
Ameazouche con” chivarse” a outros			
Foi amable contigo			
Falou mal de ti			
Explicouche algo que non entenderas			
Botouche a culpa polo que non fixeras			
Saudouche cun sorriso			
Estragouche ou colleuche algo			
Preguntouche se necesitabas axuda			

Antes de seguir escribindo, reflexiona sobre os diferentes tipos de agresións:

1. Física (empurróns, golpes, esconden ou rompen cousas, dan sustos...)
2. Verbal: oral (insultos, alcumes, difunden rumores...) ou escrita (anónimos, mensaxes, redes sociais...)
3. Social (aíslan, ameazan, chantaxean, burlanse ...)

**Fuches testigo** dalgunha agresión dun nen@/@s a outr@/@s? \_\_\_\_\_

Alumno/os **agresores** e curso \_\_\_\_\_

Alumno/os **agredidos** e curso \_\_\_\_\_

Conduta observada \_\_\_\_\_

Sabes por que llo fixo \_\_\_\_\_

Repetiuno máis dunha vez \_\_\_\_\_ Lugar \_\_\_\_\_

Había alguén máis observando \_\_\_\_\_

Recordas cando sucedeu \_\_\_\_\_

Que fixeches? \_\_\_\_\_

SABES DOUTROS CASOS? Se o precisas, podes seguir escribindo detrás.De non ser así, moitas gracias.





**SOCIOGRAMA**

Responde pensando nos compañeir@s da clase:

- Con quen farías un traballo? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con quen non farías un traballo? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con quen irías de excursión? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con non irías de excursión? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

**SOCIOGRAMA**

Responde pensando nos compañeir@s da clase:

- Con quen farías un traballo? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con quen non farías un traballo? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con quen irías de excursión? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_

- Con non irías de excursión? \_\_\_\_\_

Por que? \_\_\_\_\_



## **ANEXO III**

### **AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

#### **1. NORMATIVA**

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión mediante apoios e formación específica, buscando reincorporar ó alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra parte, sinálase no artigo 18 que as corrección que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente. Tamén, se terá en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido na Aula de Convivencia Inclusiva, garantindo en todo caso, o trámite de audiencia ós pais, nais, titores /as no caso de que fose menor de idade non emancipado.

#### **2. OBXECTIVOS**

- ✓ Proporcionar ó centro un espazo para axudar a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.
- ✓ Favorecer un proceso de reflexión acerca das circunstancias que causaron o seu envío á mesma.
- ✓ Adquiran responsabilidade, desenvolvan o pensamento reflexivo e resiliencia para mellorar na adquisición de habilidades e integración social.
- ✓ Madurar o compromiso e asumir as consecuencias da realización de condutas contrarias á convivencia.
